

Celebramos o venres 12 de maio o Día do/a Biólogo/a 2023 e fixemos entrega dos Premios e Recoñecementos: Bióloga do Ano, Empresas e Institucións do Ano e Membros de Honra do COBGA. Ademais foron recoñecidos os/as colexiados/as que levan 25 anos inscritos/as

Foi ocasión de encontro e de compartir experiencias e, especialmente, para recoñecer e agradecer o seu esforzo a aqueles colexiados que levan xa 25 anos no colexio.



Este ano entregaranse tamén as seguintes distincións, a proposta e elección dos/as colexiados/as:

Bióloga do ano:

Marisol Soengas González. Polo seu traballo en investigación en melanoma mediante a identificación de marcadores e novos fármacos, o traslado deste coñecemento á práctica clínica e o seu empeño en mellorar o coñecemento sobre o traballo que fan os investigadores.



Recolleu o premio no seu nome D^a María Mayán Santos, Jefa del grupo CellCOM del INIBIC.

Video de Agradecemento <https://youtu.be/b8ktU9ZQ2fo>

Empresa (gran):

Stolt Sea Farm.

Polos seus máis de 50 anos traballando no desenvolvemento da acuicultura especializada en produtos de alto valor comercial, como o linguado e o rodaballo, o seu compromiso coa sustentabilidade e a ampla e valorada representación dos/as biólogos/as dentro da empresa.



Recolleu o premio o seu Presidente D. Jordi Trías Fita, Presidente del Grupo.

Institución (gran):

Agencia Europea de Control de la Pesca .

Polo seu traballo na coordinación operativa das actividades de control e inspección da pesca na Unión Europea e no cumprimento da política pesqueira común.



Recolleu o premio D^a Susan Steel, Directora Ejecutiva da EFCA.

PEME

ProPlantae. Polo seu innovador traballo como laboratorio biotecnolóxico de sanidade vexetal, o seu esforzo na I+D+i no diagnóstico de enfermidades de plantas, o seu compromiso co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e a representación dos/as biólogos na súa estrutura.



ProPlantae

Recolleu o premio D^a Vanesa Redondo Fernández, Directora Ejecutiva en Proplantae.

Institución (pequena):

Sociedade Galega de Historia Natural. Polos seus 50 anos de dedicación na protección da natureza, custodia do territorio e de restauración e conservación do patrimonio natural. Así como o seu labor de divulgación en esos campos a través do seu Museo de Historia Natural.



Recolleu o premio D. Carlos Rei Raño VicePresidente de la SGHN.

E os seguintes **Membros de Honra** aprobados na Xunta Xeral do pasado 21 de abril.

Miguel Delibes de Castro. Polos seus máis de 50 anos de investigación sobre pequenos mamíferos e o lince en particular, así como a súa labor de divulgación e conservación da natureza.

Recolleu o premio no seu nome D.
Antonio Callejo Rey

Video de agradecemento
<https://youtu.be/V3YQGapeBf8>



Rafael Romero Suances "Chiño" a título póstumo.
Polos seus máis de 30 anos de traballo de investigación na conservación da natureza, en especial, sobre a lontra, especies invasoras e os anfibios en Galicia"

Recolleu o premio D^o Carmen Docampo Bello.

